

INDICADORES COMÚNS DE RESULTADO INMEDIATO SOBRE PARTICIPANTES

Información requirida de conformidade ao estipulado no artigo 5 do Regulamento (UE) N° 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

SOLICITANTE DA INFORMACIÓN		
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	TELÉFONO	NIF
DIRECCIÓN E DATOS DE CONTACTO	EMAIL	

DATOS DA OPERACIÓN		
NOME	CÓDIGO	
DESCRIPCIÓN	DATA INICIO	DATA FIN

DATOS DO/A PARTICIPANTE		
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	TELÉFONO	Doc. Identificativo
DIRECCIÓN E DATOS DE CONTACTO	EMAIL	

DECLARACIÓN DA PERSOA PARTICIPANTE

Mediante este documento declara que **a situación posterior a súa participación na actividade** é a seguinte (cambio respecto a situación previa a súa participación na actividade):

SITUACIÓN LABORAL	Marque a opción máis axeitada (só unha)
En busca de traballo tras a súa participación (só se estaba inactivo ao comezo)	<input type="radio"/>
Obtivo un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación.	<input type="radio"/>
Ningún dos anteriores	<input type="radio"/>

FORMACIÓN	Respostas
Integrado nos sistemas de educación ou formación tras a súa participación (só se non o estaba ao comezo)	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Obtivo unha cualificación tras a súa participación (1)	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

(1) A cualificación tivo que ser obtida despois da realización dunha proba, test ou exame. Consecuentemente, NON se terán en conta os certificados de asistencia e participación.



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, infórmase do seguinte:

Os datos de carácter persoal recollidos neste formulario serán tratados na súa condición de responsable pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, con enderezo no edificio administrativo de San Caetano, s/n de Santiago de Compostela. Teléfono: 981545154. Enderezo electrónico: dx.politica.financeira.tesouro.fondos.europeos.facenda@xunta.gal

A finalidade do tratamento é o de levar a cabo as obrigas recollidas nos artigos 50 e 56 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e desenvolvidas no artigo 5, no artigo 19 e nos Anexos I e II do Regulamento (UE) nº 1304/2013.

Os datos serán conservados durante o tempo esixible pola normativa comunitaria, o cal será como mínimo ata o peche do período de programación.

O tratamento dos datos baséase na obriga comunitaria de recoller datos detallados sobre cada participante que se beneficie dunha axuda procedente do Fondo Social Europeo, incluído o Programa de Garantía Xuvenil.

Os datos só poderán ser cedidos para o cumprimento das obrigas relacionadas coa auditoría e co bo desenvolvemento da xestión encomendada.

Toda persoa participante está obrigada a facilitar a información aquí solicitada, agás os datos especificamente sinalados como de carácter opcional. A negativa a subministrar esta información obrigatoria pode conlevar a súa correspondente penalización.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ou oposición ao seu tratamento. Poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das Oficinas de rexistro e información propias da Xunta de Galicia, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Ademais terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Contacto do delegado de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Lin a Información Básica sobre Protección de Datos e doume por informado.

SINATURA DA PERSOA PARTICIPANTE					
Lugar e data					
	, a	de		de	